



FUNDACIÓN  
EDUCATIVA

COLEGIO **ESCLAVAS DEL SAGRADO CORAZÓN**

# Plan de Adaptación á situación Covid 19 no curso 2021/22

Última actualización: **outubro 2021**  
Informado Consello Escolar: **14 outubro 2021**

## ÍNDICE

---

<b>MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA</b>	<b>4</b>
1. DENOMINACIÓN DO CENTRO, ENDEREZO E TELÉFONOS	4
2. MEMBROS DO EQUIPO COVID	4
3. CENTRO DE SAÚDE REFERENCIA	5
4. ESPAZO DE ILLAMENTO COVID	5
5. ALUMNADO POR NIVEL E ETAPA EDUCATIVA	5
6. CADRO DE PERSOAL	6
7. GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA	9
8. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA	13
9. CANLE DE COMUNICACIÓN EQUIPO COVID	13
10. PROCEDEMENTO REXISTRO AUSENCIAS PERSOAL E ALUMNADO	13
11. PROCEDEMENTO COMUNICACIÓN INCIDENCIAS ÁS AUTORIDADES SANITARIAS E EDUCATIVAS	13
<b>MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL</b>	<b>14</b>
1. CROQUES DAS AULAS	14
2. IDENTIFICACIÓN DE ESPAZOS OU SALAS PARA ASIGNAR GRUPOS	15
3. MEDIDAS HIXIÉNICAS NO CENTRO	15
4. MEDIDAS PARA O USO DE AULAS DE ESPECIALISTAS, ESPACIOS DE ORIENTACIÓN E PT/AL	18
5. UNIFORME	18
6. INFORMACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO PLAN	18
<b>MEDIDAS DE LIMPEZA</b>	<b>19</b>
1. MODELO CHECKLIST DE VENTILACIÓN DAS AULAS	19
2. ESPAZOS PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS	20
<b>MATERIAL DE PROTECCIÓN</b>	<b>21</b>
1. REXISTRO E INVENTARIO DO MATERIAL	21
2. SISTEMA DE COMPRAS DO MATERIAL DE PROTECCIÓN	21
3. PROCEDEMENTO DE DISTRIBUCIÓN, ENTREGA E REPOSICIÓN DO MATERIAL	21
<b>XESTIÓN DOS ABROCHOS</b>	<b>22</b>
<b>XESTIÓN DAS PETICIÓN DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE</b>	<b>23</b>
<b>MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO</b>	<b>24</b>
1. ENTRADAS, SAÍDAS E ACCESOS AO CENTRO	24
2. CIRCULACIÓN INTERNA	24
3. CARTELERÍA	26
4. VIXILANCIA	26
<b>MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS</b>	<b>27</b>
1. TITORÍAS COAS FAMILIAS	27
2. CANLES DE INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS E PERSOAS ALLEAS AO CENTRO	27
3. XUNTANZAS ANPA E CONSELLO ESCOLAR	27

4. REALIZACIÓN DE EVENTOS	27
<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>	<b>28</b>
1. MADRUGADORES	28
2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	28
<b>MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO</b>	<b>29</b>
1. ENTRADA, SAÍDA E ESPAZO DE ESPERA	29
<b>MEDIDAS DE USO DE COMEDOR</b>	<b>30</b>
1. COMEDORES E QUENDAS	30
2. PERSOAL COLABORADOR	30
<b>MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS</b>	<b>31</b>
1. NORMAS DE USO E LIMPEZA	31
2. EDUCACIÓN FÍSICA	31
3. CAMBIOS DE AULA OU ESPAZOS	31
4. BIBLIOTECA	32
5. ASEOS	32
<b>MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS</b>	<b>33</b>
1. HORARIOS E ESPAZOS DE RECREO	33
2. VIXILANCIA	34
<b>MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DE EI E 1º E 2º DE EP</b>	<b>35</b>
1. METODOLOXÍA, MATERIAL E USO DE ASEOS	35
2. TEMPO DE RECREO E MERENDA	35
<b>MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES</b>	<b>36</b>
1. UTILIZACIÓN E HIXIENE DE EQUIPAMENTOS E FERRAMENTAS	36
<b>NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DE NEE</b>	<b>37</b>
1. MEDIDAS CONCRETAS ALUMNADO NEE	37
<b>PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO</b>	<b>38</b>
1. REUNIÓNS E ESPAZOS DE TRABALLO	38
2. ESPAZOS DE DESCANSO	38
<b>MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO</b>	<b>39</b>
1. ACTIVIDADES FORMATIVAS	39
2. DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN	39
3. FORMACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DO ENSINO A DISTANCIA	39
<b>DIFUSIÓN DO PLAN</b>	<b>40</b>

## MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

### 1. Denominación do centro, enderezo e teléfonos

---

**NOME:** CPR Plurilingüe Esclavas SCJ

**ENDEREZO:** Paseo de Ronda 57, 15011 A Coruña

**TELÉFONO:** 981251800

### 2. Membros do equipo COVID

---

Equipo COVID	
NOME	FUNCIÓNS
1. Julieta Jiménez de Llano García	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinadora COVID.</li> <li>• Interlocución coa Administración (EduCovid)</li> </ul>
2. Iciar Carricajo Marín	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinación entradas/saídas..</li> <li>• Xestión espazos de recreo.</li> </ul>
3. Alexander Zitzmann	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinación entradas/saídas..</li> <li>• Xestión espazos de recreo.</li> </ul>
4. Gema Landeira	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinación entradas/saídas..</li> <li>• Xestión espazos de recreo.</li> </ul>
5. Susan Lloyd Froiz	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestión do correo <a href="mailto:EquipoCovid@colegioesclavas.org">EquipoCovid@colegioesclavas.org</a></li> <li>• Rexistro ausencias e incidencias.</li> </ul>
6. Cristina Varela Rodríguez	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inventario e rexistro de distribución de material COVID: elementos de sinalización, máscaras de protección, xel hidroalcohólico...</li> </ul>
7. Sonia Mendoza Resco 8. Rosa M <sup>a</sup> Vázquez Pérez	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestión Espazo de Illamento COVID</li> <li>• Comunicación coas familias e o Centro de Saúde.</li> <li>• Rexistro ausencias e incidencias.</li> </ul>

### 3. Centro de Saúde Referencia

---

CENTRO DE SAÚDE	
NOME	PERSOA DE CONTACTO
Centro de Saúde San José	<ul style="list-style-type: none"> <li>• San José A: Bernabé de Miguel Bartolomé</li> <li>• San José B: Alfonso López-Silvarrey Varela</li> </ul>

### 4. Espazo de illamento COVID

---

Ubicación: Recibidor pequeno do fondo.

Protocolo: **Ver Plan de Continxencia do centro.**

### 5. Alumnado por nivel e etapa educativa

---

ALUMNADO		
ETAPA	CURSO	Nº ALUMNOS/AS
EDUCACIÓN INFANTIL	4º EI	34
	5º EI	44
	6º EI	49
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º EP	49
	2º EP	51
	3º EP	50
	4º EP	51
	5º EP	51

	6º EP	54
EDUCACIÓN SECUNDARIA	1º ESO	65
	2º ESO	58
	3º ESO	62
	4º ESO	52
BACHARELATO	1º BAC	56
	2º BAC	45

## 6. Cadro de persoal

---

CADRO DE PERSOAL
1. ANTA RODRÍGUEZ, SILVIA MARÍA
2. ASENSI MARZAL, MARÍA CONCEPCIÓN
3. BELLO RODRÍGUEZ, MARÍA ANTONIETA
4. BOUZA RÍOS, SILVIA
5. CARRICAJO MARÍN, ICIAR
6. CASTRO BUGALLO, MÓNICA
7. CIFUENTES RAMA, MARÍA JOSÉ
8. COMBA OTERO, MERCEDES
9. CONDE PINTANÉ, LUIS MIGUEL
10. CUESTA DE DIEGO, JUNCAL
11. DAVIÑA GARCÍA, MARÍA
12. DAZA DE FOLLA, M <sup>a</sup> ELENA
13. DÍAZ CAMPOS, ALMUDENA
14. DÍAZ VARELA, MIGUEL ÁNGEL
15. DOMÍNGUEZ TENREIRO, MARTA

16. DONAS VÁZQUEZ, JOSÉ CARLOS
17. DURÁN RIVAS, XABIER
18. ECHEVERRÍA ARROYO, AINHOA
19. FERREIRO VIGO, MARÍA ÁNGELES
20. FIGUEROA PARDIÑAS, OLGA MARÍA
21. FREIRE BALUJA, ALEJANDRO
22. GARRIDO GONZÁLEZ, CRISTINA
23. GRELA MIRONES, SARA
24. JIMÉNEZ DE LLANO GARCÍA, JULIETA
25. LABORA VILLA, MARÍA ANTONIA
26. LANDEIRA OGANDO, GEMA
27. LEMA TRILLO, VICTORIANO
28. LLOYD FROIZ, SUSAN MARÍA
29. LÓPEZ BELLO, MARIA LUZ
30. LÓPEZ RODRÍGUEZ, CARMEN MARÍA
31. MARTÍNEZ MARTÍNEZ, LEONARDO ALBERTO
32. MÉNDEZ MÍGUEZ, SUSANA
33. MENDOZA RESCO, SONIA
34. MIRAGAYA CASTRO, JESÚS ALBERTO
35. MUÍÑO CARBALLIDO, DANIEL
36. PATIÑO ÁLVAREZ, MARÍA BEATRIZ
37. PERNAS FRAGA, PILAR
38. POISA FERNÁNDEZ, MARGARITA MARÍA
39. RAMÓN LÓPEZ-CHAVES, LUCILA DE
40. REBOLLO PORTO, JOSE ANTONIO
41. REY PEDRÓS, VERÓNICA
42. SAAVEDRA MARTÍNEZ, PATRICIA
43. SÁENZ DE BURUAGA OZORES, MARÍA LORETO

44. SALGADO GÓMEZ, CATUXA
45. SALGUEIRO PRADO , LUCIA
46. SÁNCHEZ GONZÁLEZ-DANS, LETICIA
47. SÁNCHEZ LÓPEZ, LORENA
48. SENDÓN LAGO, PEPA
49. SILGO RODRÍGUEZ, JORGE
50. SILVA SUÁREZ, NURIA
51. SOUTO PELLICER, ANA MARÍA
52. VARELA RODRÍGUEZ, CRISTINA
53. VÁZQUEZ PÉREZ, ROSA MARÍA
54. VILLAYANDRE CORELLANO, AMAYA
55. VLASHI , REDIANA
56. ZITZMANN , ALEXANDER



## 7. Grupos estables de convivencia

---

GRUPO	TITOR/A
4ºEI A	Cristina Garrido
4º EI B	Gema Landeira
5º EI A	Carmen López
5º EI B	Lorena Sánchez
6º EI A	Pilar Pernas
6º EI B	Pepa Sendón
1º EP A	Marta Domínguez
1º EP B	Lucía Salgueiro
2º EP A	Catuxa Salgado
2º EP B	Leticia Sánchez
3ºEP A	Miguel Ángel Díaz
3ºEP B	Almudena Díaz
4ºEP A	Olga Figueroa
4ºEP B	Alberto Martínez
5ºEP A	Patricia Saavedra
5ºEP B	Amaya Villayandre
6ºEP A	Verónica Rey
6ºEP B	Ana Souto

## 8. Medidas específicas para grupos estables de convivencia

Na etapa de Educación Infantil e na de Educación Primaria estableceranse grupos estables de aula que, xunto ao profesorado, conformarán **Grupos de Convivencia Estable**. Os seus membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos.

## 9. Canle de comunicación Equipo Covid

Se habilitará o correo electrónico [EquipoCovid@colegioesclavas.org](mailto:EquipoCovid@colegioesclavas.org) a disposición de toda a comunidade educativa para a resolución de dúbidas, xestión de incidencias e comunicación de ausencias relacionadas co COVID 19.

A secretaria do centro será a encargada da xestión do correo.

## 10. Procedemento Rexistro ausencias persoal e alumnado

As ausencias de persoal e alumnado rexistraranse da seguinte maneira:

- **PERSOAL:** Os Coordinadores de Etapa, a Xefatura de Estudos e a Administradora (PAS) rexistrarán as ausencias do persoal nos rexistros habituais seguindo o propio Sistema de Xestión.
- **ALUMNADO:** O profesorado será o encargado de rexistrar as ausencias a través da plataforma educativa do centro “Educamos”.

Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar, as ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

## 11. Procedemento comunicación incidencias ás autoridades sanitarias e educativas

Dende a Consellería de Educación habilitarase unha canle informática específica para a comunicación dos posibles casos detectados e para o subministro de información, **Educovid**. A canle que se implante será utilizada polo centro educativo para notificar os casos ou para a identificación dos contactos próximos, coas debidas garantías de protección de datos. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria.

## MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

### 1. Distancia nas aulas

---

Durante as clases en aulas nas que o alumnado se dispoña sentado en pupitres e todos orientados nun mesmo sentido, establecerase unha distancia física mínima de 1,2 metros.

Para a ordenación dos espazos escolares nas aulas tomarase en consideración o centro da cadeira onde se sitúe ao alumnado. Todos os pupitres ou mesas colocaranse en liñas mirando cara a dirección do posto do/a profesor/a. Cando o tamaño da aula o permita, adoptarse a maior distancia posible entre pupitres.

### 2. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos

---

Co obxectivo de garantir a distancia de seguridade nas aulas de 2º ESO se asignarán espazos diferentes ás aulas convencionais:

- 2ºESO A: Aula Tecnoloxía
- 2ºESO B: Aula Plástica

### 3. Medidas hixiénicas no centro

---

#### ❖ MÁSCARA

- O alumnado de **EP, ESO e BAC** ten a obriga de usar máscara de protección en todo momento durante a súa estancia no centro.
- O alumnado de **EI** non terá a obriga de usar máscara en ningún caso, aínda que será de uso obrigado nas entradas e saídas do centro, así como nos traslado ao comedor.
- O profesorado empregará a máscara continuamente, non so como medida de protección senon tamén como medida exemplarizante.
- As familias que acoden ao centro para realizar xestións administrativas e de secretaría, teñen a obriga de utilizar máscara además de cumprir coa medida social de distanciamento (1.5 metros).

#### ❖ HIXIENE DE MANS

- Alumnado e profesorado: Na entrada e saída das aulas será obrigatorio realizar a hixiene de mans. Empregarase xel hidroalcohólico e o proceso será supervisado polo profesorado da aula. Cando as mans estean visiblemente sucias deberá utilizarse auga

e xabón. Restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico en Educación Infantil, priorizando o uso de auga e xabón.

- **Familias:** Será obrigatoria a hixiene de mans nos accesos ao centro. Habará dispensadores de xel hidroalcohólico a tal fin.

❖ **VENTILACIÓN:**

- Optarase por ventilación natural cruzada: portas e ventás abertas en lados opostos.
- As portas da clase deberán permanecer sempre abertas, así como as ventás e portas dos corredores, para facilitar a renovación constante de aire nas aulas.
- Ventilarse cando menos 15 minutos ao inicio e ao remate da xornada (de mañá ou de tarde) e durante a totalidade dos recreos. Ademais, o profesor saínte abrirá as ventás ao rematar a clase. Estas permanecerán abertas a lo menos 10 minutos, ata o comezo da seguinte clase. En caso de non haber cambio de profesor, seguirase igualmente o mesmo protocolo de ventilación.
- No caso de temperaturas extremas invernaís é mellor realizar maior número de ventilacións de menor tempo en lugar de ter as ventás parcialmente abertas. Abrir parcialmente as ventás non facilita de maneira significativa a renovación de aire pero baixa a temperatura e diminúe o confort. É máis eficiente abrir todas as ventás de 2 a 5 minutos cada 15/20 minutos.

❖ **PORTAPANOS:** Instalación de portapanos desbotables nos aseos ou espazos comúns.

❖ **EDUCACIÓN SANITARIA.** Estableceranse rutinas formativas para a concienciación sobre as medidas básicas de hixiene:

- Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
- Manter a distancia física recomendada. Se non se puidese manter, será necesaria a utilización de máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e do xeito de poñela e sacala.

Adxúntase modelo que se empregará nas formacións co alumnado:

## DECÁLOGO DE NORMAS BÁSICAS DE HIGIENE EDUCACIÓN PRIMARIA

**1** **TODOS/AS LLEVAMOS LA MASCARILLA BIEN PUESTA,**  
damos ejemplo de responsabilidad y nos comprometemos a cuidar de nuestro grupo.

**2** **EVITAMOS TOCARNOS LA CARA,**  
y en especial boca, nariz y ojos.

**3** **SI ESTORNUDAMOS USAMOS UN PAÑUELO DESECHABLE,**  
alejando la cara en dirección al suelo y si es posible cubriéndola con el codo.

**4** **TODOS/AS TENEMOS UNA MASCARILLA DE REPUESTO  
Y PAÑUELOS DE PAPEL EN EL CENTRO,**  
si me olvido no se lo pido a un compañero sino a un profesor/a.

**5** **NO COMPARTO EL MATERIAL ESCOLAR,**  
es lo más generoso que puedo hacer por mis compañeros/as.

**6** **NO NOS ACERCAMOS A COMPAÑEROS/AS DE OTRAS AULAS,**  
mantenemos la mayor distancia con ellos en los espacios comunes del centro.

**7** **MANTENEMOS DISTANCIA CON NUESTROS  
COMPAÑEROS/AS INCLUSO EN EL AULA,**  
no es fácil, pero cuanto mejor lo hagamos ahora, más rápido volveremos a abrazarnos.

**8** **CUANDO SALIMOS DEL AULA CIRCULAMOS POR LA  
DERECHA,**  
sin prisa, sin nadie al lado y manteniendo distancia con el compañero que va delante.

**9** **NOS LAVAMOS LAS MANOS DE MANERA FRECUENTE Y  
SIEMPRE QUE ENTREMOS EN EL AULA,**  
y lo hacemos bien y a conciencia, esto deberemos hacerlo toda nuestra vida.

**10** **SÍ TENGO DUDAS, ME ENCUENTRO INDISPUESTO O  
SIMPLEMENTE TOSO, AVISO A UN PROFESOR/A,**  
no significa que este enfermo pero él me va a cuidar.

- ❖ **DISTANCIA DE SEGURIDADE** de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.
- ❖ **ORDE** no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

- ❖ **MATERIAL COMPARTIDO:** Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros. Empregarase material compartido cando sexa estritamente necesario para levar a cabo as actividades propostas.
- ❖ **EQUIPOS DE TRABAJO:** Os ordenadores proxectores e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- ❖ **SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN:** Facilitarase ás familias o material de escritura que deberá ser desinfectado polo usuario. Para estes efectos existirá ao carón un dispensador de xel.
- ❖ **LUVAS:** Considerase **pouco** recomendable pola falsa seguridade que pode transmitir, o de uso de luvas. Na caso do persoal de limpeza o seu uso é obrigatorio.

#### 4. Medidas para o uso de aulas de especialistas, espacios de orientación e PT/AL

Nas aulas de traballo de Orientación, Desdobramento, PT e AI aplicaranse as seguintes medidas:

- Os especialistas saíran a recoller aos alumnos ás súas clases de referencia segundo horario e deberán tamén acompañalos de volta a cadansúa aula.
- Os especialistas optimizarán o espazo disponible sinalizando aquelas mesas ou postos de traballo que poidan ser utilizados, mantendo sempre a distancia de seguridade.
- Na atención ao alumnado con NEE recoméndase o uso das máscaras dentro e fora da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas.
- Asignarase un aseo no centro a estes espazos.
- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.
- O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais. Elaboraranse pictogramas recordando as normas básicas de hixiene e seguridade.

#### 5. Uniforme

O noso centro conta cun uniforme de diario e un uniforme específico para a clase de Educación Física. Nesta época de pandemia, e para evitar que existan aglomeracións nos vestiarios, o alumnado que teña clase de Educación Física poderá vir ao centro co uniforme propio o día que se lle asignou no

horario da súa aula.

Ademáis, os días que o alumnado de EI/EP teña actividades extraescolares deportivas (baloncesto, skate e fútbol ou futbito), poderán acudir ao centro toda a xornada co uniforme de Educación Física.

O mandil forma tamén parte do uniforme para o alumnado de EI e para os grupos de 1º e 2º de EP. Como parte das medidas de adaptación á nova situación sanitaria, o mandil virá posto dende a casa e voltará a casa posto para a súa hixienización diaria.

## 6. Información e distribución do plan

Todas as medidas contidas neste plan e as consecuencias da súa aplicación, serán comunicadas á Comunidade Educativa tanto nas reunións de familias de inicio de curso coma no Claustro.

O presente protocolo publicárase na páxina web do centro e na plataforma educativa para posibles consultas e informarse ao Consello Escolar.

Publicarase un pequeno documento cun resumo coas medidas de maior interese para as familias:

### 10 pasos para una vuelta al cole segura

<p><b>1</b></p> <p><b>MASCARILLA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Obligatoria en EP, ESO y BAC durante toda la jornada.</li> <li>• Obligatoria en EI para las entradas y salidas.</li> <li>• Siempre una de repuesto en el centro marcada y precintada.</li> <li>• Obligatorio estuche para su almacenamiento.</li> </ul>	<p><b>2</b></p> <p><b>HORARIO</b></p> <p>Entradas escalonadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ESO/BAC: 08:40</li> <li>• EI/EP: 09:00</li> <li>• Madrugadores desde las 08:00. Será obligatorio el uso de mascarilla para TODOS los asistentes (incluido alumnado EI)</li> </ul>	<p><b>3</b></p> <p><b>ACCESOS Y CIRCULACIÓN INTERNA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 puertas de acceso</li> <li>• 4 escaleras habilitadas (una para cada planta)</li> </ul>	<p><b>4</b></p> <p><b>ALIAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Distancia de seguridad.</li> <li>• Material de uso individual.</li> <li>• Higiene de manos 6 veces al día.</li> <li>• Ventilación de aulas cada 50 min durante al menos 10 min.</li> </ul>	<p><b>5</b></p> <p><b>GRUPOS BURBUJA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupos de convivencia estable en EI y EP, que conviven sin necesidad de aplicar limitación de distancia.</li> <li>• Grupos colaborativos de 5 participantes en las aulas de EI, que trabajarán con una distancia de 1,5 metros entre grupos.</li> </ul>
<p><b>6</b></p> <p><b>RECREOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• EI: espacios separados para cada grupo burbuja.</li> <li>• EP: espacios separados por clase (ratio máx. 30).</li> <li>• ESO: habilitación de nuevos espacios para aumentar la distancia de seguridad.</li> <li>• BAC: en el exterior del centro.</li> </ul>	<p><b>7</b></p> <p><b>COMEDOR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comedor EI: Separación de mesas para mantener los grupos-aula burbuja.</li> <li>• Comedor EP: Doble turno respetando distancia y sentados por grupos burbuja.</li> <li>• Asignación sitios fijos.</li> <li>• Se suspende el lavado de dientes en el centro, así como la siesta en 4ºEI.</li> </ul>	<p><b>8</b></p> <p><b>REUNIONES Y TUTORÍAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reuniones familias por videoconferencia a través de la aplicación Meet.</li> <li>• Tutorías por teléfono o videoconferencia salvo casos excepcionales y siempre con cita previa.</li> </ul>	<p><b>9</b></p> <p><b>UNIFORME</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Uniforme deportivo puesto desde casa los días de actividades deportivas.</li> <li>• Cambio diario del mandil del uniforme.</li> </ul>	<p><b>10</b></p> <p><b>EXTRAESCOLARES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Se mantiene la oferta de extraescolares con la excepción de los grupos de Educación Infantil en horario de mediodía.</li> <li>• Cada actividad contará con el Protocolo de Adaptación Covid correspondiente.</li> </ul>

31 de Agosto de 2020. Esta información será actualizada conforme a los protocolos oficiales vigentes.

## MEDIDAS DE LIMPEZA

Ver Protocolo empresa MAGA.

## 1. Modelo checklist de ventilación das aulas

O profesorado realizará a ventilación das aulas nos cambios de clase, ao inicio e ao remate da xornada lectiva. Adxúntase modelo de checklist de ventilación para as diferentes etapas.

FUNDACIÓN EDUCATIVA CPN PLUMBINGE ESCLAVAS DEL SAGRADO CORAZÓN		Aula: Semana:				
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	
8:00						
8:50						
9:40						
10:30	R E C R E O					
10:50						
11:40						
12:30	R E C R E O					
12:50						
13:40						
15:50						
16:40						

FUNDACIÓN EDUCATIVA CPN PLUMBINGE ESCLAVAS DEL SAGRADO CORAZÓN		AULA: SEMANA:				
Hora	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes	
	M	A	N	A	09:00	
09:00						
09:5					10:00	
10:45						
11:15						
11:45						
12:40						
	Y	A	R	D	E	
15:35						
16:25						

## 2. Espazos para a xestión de residuos

- Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" serán refugados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa.
- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.



## MATERIAL DE PROTECCIÓN

### 1. Rexistro e inventario do material

---

A consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección.

O equipo COVID-19 será o encargado de inventariar o material e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade propia do centro.

O centro educativo arbitraré as medidas oportunas para que o inventario e contabilización dos custos deste material sexan individualizables respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecostos derivados das medidas de prevención e hixiene ante o COVID-19 e vixiar o consumo axeitado do mesmo.

### 2. Sistema de compras do material de protección

---

Corresponde ao centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplir o aprovisionamento de equipos de protección que non sexan centralizados pola consellería, en especial xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, luvas, papeleiras de pedal, impresión de cartelería e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección.

### 3. Procedemento de distribución, entrega e reposición do material

---

- ALUMNADO: A Consellería dotará ao centro cunha provisión inicial dunha máscara cirúrxica por alumno ou alumna. As máscaras almacenaranse nas aulas e permanecerán a disposición do alumnado para posibles roturas ou extravíos.
- PERSOAL: As máscaras serán entregados ao persoal na portería do centro. O equipo COVID encargárase da súa contabilización e inventario separado, certificando os consumos e gastos producidos.



## XESTIÓN DOS GROMOS

O Protocolo de Xestión dos gromos está disponible para consulta no **Plan de Continxencia do Centro.**

## **XESTIÓN DAS PETICIÓN DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE**

O persoal en suposta situación de vulnerabilidade dirixirá a súa solicitude á dirección do centro. O servizo de prevención de riscos laborais atenderá as peticións e elaborará os informes pertinentes.

En caso de que o informe prescriba a baixa do traballador ou traballadora, tramitaráse a situación polas canles habituais.

## MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

### 1. Entradas, saídas e accesos ao centro

---

#### ❖ EI/EP

**HORARIO:** 09:00-13:35 e 15:35-17:15 (en xuño e setembro de 09:00 a 13:50). O horario de entradas e saídas pola mañá retrasarase 10 minutos para garantir unha entrada escalonada por etapas. O horario da tarde manterase.

Planta baixa (4ºEI y 5º EI): portón.

Planta primeira (6ºEI y 1º EP): portería.

Planta segunda (2ºEP, 3ºEP y 4ºA-EP): recibidor.

Planta terceira (4ºB-EP, 5ºEP y 6ºEP): porta igrexa.

**Nota:** O profesorado da etapa estará na porta correspondente organizando a circulación interna polas novas rutas asignadas..

#### ❖ ESO/BAC

**HORARIO:** 08:45-14:30 e 15:50-17:30 (luns). O horario de entrada pola mañá adiantarase 10 minutos para garantir unha entrada escalonada por etapas. O horario da tarde manterase.

Bacharelato: portería.

ESO: portón

### 2. Circulación interna

---

Estableceranse diferentes rutas de circulación interna para evitar aglomeracións. As diferentes alternativas serán consideradas como rutas de referencia e empregaranse en todos os desplazamentos internos do alumnado.

#### • EI/EP (ver plano circulación EI/EP)

Planta baixa (4ºEI y 5º EI): Portería, patio dos peixes, patio cuberto e aulas

1ª Planta (6ºEI y 1º EP): Portón, ximnasio vermello, escaleiras grises, biblioteca EP e aulas.

**2ª Planta (2ºEP, 3ºEP y 4ºA-EP):** Recibidor grande, escaleira vermella, trole e aulas.


**3ª Planta (4ºB-EP, 5ºEP y 6ºEP):** Porta Igrexa, escaleira EP e aulas.

- ESO/BAC

**Bacharelato:** Portería, escaleira ESO.

**ESO:** Portón, escaleira ESO.

- O uso do elevador quedará limitado a 1 persoa por viaxe.



### 3. Cartelería

---

- O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.
- Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.
- A cartelería de uso preferente será a subministrada pola Administración autonómica ou impresa polo propios centros en tamaño A3 ou superior.
- Na medida do posible evitarase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, murais, ou outro material nas paredes de corredores e aulas.
- Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade. Estas circunstancias serán convenientemente sinalizadas mediante cartelería ou dispositivos visuais no chan.

### 4. Vixilancia

---

En todas as entradas e saídas do centro organizarase quendas de vixilancia para cada unha das portas de tal maneira que os profesores sexan os encargados de abrir e pechar a porta pola que acceda a súa planta.

## MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza das familias sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo.

Para trámites de secretaría ou administración, establécense os seguintes horarios para a atención das familias.

**HORARIOS ATENCIÓN FAMILIAS: 09:00 - 10:30 e 16:00 - 17:00.**

### 1. Titorías coas familias

---

Tanto nas reunións de titoría como nas comunicacións por outros motivos coas familias ofertarase a opción de reunión presencial ou videoconferencia.

As xuntanzas presenciais terán lugar nos recibidores, sempre con máscara, mantendo a distancia de 1,2 metros ou con mamparas entre o profesor e a familia, tutor legal ou especialista.

### 2. Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro

---

Utilizaranse como mecanismo de comunicación xeral coas familias as seguintes canles:

- Páxina web do centro.
- Plataforma de comunicación.
- Info COVID: EquipoCovid@colegioesclavas.org

### 3. Xuntanzas ANPA e Consello Escolar

---

Celebraranse por medios telemáticos ou de maneira presencial respetando sempre todas as medidas de seguridade.

### 4. Realización de eventos

---

Se evitará realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoal. No caso de ter que realizarse, cumpriranse as medidas de prevención, distanciamento e aforo.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

### 1. Madrugadores

---

Seguirase o protocolo ordinario co engadido das prevencións en materia de consumo de alimentos segundo protocolo da empresa Aramark que xestiona este servizo (ver anexo). A empresa determinará as medidas de prevención e protección fronto ao COVID e determinará as responsabilidades de organizadores e xestores.

O alumnado estará agrupado por grupo aula no comedor de EI dende as 8:00 ata as 9:00 horas, diferenciando correctamente o espacio de recreo do espacio de xantar. En ambos casos se velará por manter a distancia de 1,5 metros entre o alumnado. Será obrigatorio o uso de máscara para todo o alumnado.

### 2. Actividades Extraescolares

---

Ver **Protocolo Activa, Protocolo Club Deportivo Esclavas, Protocolo Judo Club Coruña, Protocolo Grupos ACI.**



## MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

### 1. Entrada, saída e espazo de espera

---

Poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.

Os acompañantes da empresa de transporte aos que lles corresponda a vixilancia do alumnado, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

A parada se establece na vía pública polo que faranse ringleiras coa suficiente separación entre alumnos.

Os alumnos usuarios do transporte empregarán os accesos asignados segundo os seus cursos.

## MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

Ver Protocolo Comedor Aramark.

### 1. Comedores e quendas

---

O uso do comedor escolar quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia, ou 1 metro sempre que non estean encarados.

- **Comedor EI:** Compartimentarase o comedor para poder illar aos grupos de Convivencia Estable. Cada un deles será atendido por un coidador de referencia, sempre o mesmo. Quedará suspendida a opción de "siesta" para 4ºEI.
- **Comedor EP:** Reducirase o aforo das mesas, dobrando turno. Os alumnos e alumnas estarán sentados co seu grupo aula, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza. Os usuarios estarán sentados en situación non enfrentada.

Queda suspendido o protocolo de lavado de dentes.

### 2. Persoal colaborador

---

O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas e respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos presentes en cada unha delas.

### 3. Persoal de cociña e limpeza

---

O persoal de cociña lavará e desinfectará todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.

Os menús serán **empratados** en cociña.

## MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

### 1. Normas de uso e limpeza

---

Nas aulas de desdobre, talleres, laboratorios, aulas de música, debuxo ou informática extremaránse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso compartido.

Adaptarase a metodoloxía da aula priorizando o traballo individual e, en todo caso, evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1 metro.

Minimizarase o contacto con materiais e, no caso de tratarse de material compartido, será desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Cando a materia o permita, substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

Implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

### 2. Educación Física

---

Os exercicios serán individuais na medida do posible minimizando o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso. Realizaranse as modificacións precisas na programación da materia e cando a distancia teña que ser inferior a 1,5 metros usarase a máscara.

### 3. Cambios de aula ou espazos

---

O alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais: EF, Biblioteca, desdoblamento, optativas. Optimizarase o uso de espazos para reducir o número de espazos compartidos.

As materias de Plástica e Música levaranse a cabo na aula de referencia do alumnado.

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.

A saída da aula será ordenada e continua, de 1 en 1, gardando a distancia de seguridade.

Se a aula estivera ocupada, priorizarase o sentido de saída e seguirase o sentido de circulación interno sinalado. O grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

#### 4. Biblioteca

---

Garantirase o cumprimento das condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado, coas excepcións contempladas para os Grupos Estables de Convivencia.

O responsable de biblioteca establecerá as quendas e horarios para o uso da mesma.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual.

#### 5. Aseos

---

O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Durante os recreos haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado, poderá usar únicamente o aseo enfrente a portería.

No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

## MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

### 1. Horarios e espazos de recreo

---

Os horarios de recreo serán os seguintes:

- **EI/EP:** 11:15 A 11:45 (os venres será de 11:00 a 11:45).
- **ESO/BAC:** 10:30 a 10:50 e 12:30 a 12:50.

Espazos de recreo:

1. **Educación Infantil:** asignarase un espazo de recreo para cada curso. Estes espazos serán rotativos para que todo o alumnado poida disfrutar das instalacións tanto no interior coma no exterior. **O alumnado non terá a obriga de usar máscara.**

Os espazos asignados serán:

- 2 grupos no **Patio Cuberto** (separados físicamente os dous espazos).
- 1 grupo na aula de **Psicomotricidade**.
- 1 grupo no **Patio dos gatos**.
- 2 grupos no **Patio Exterior EI** (separados físicamente os dous espazos).

1. **Educación Primaria:** asignaranse espazos de recreo separados por curso (máx. 60 alumnos). Estes espazos serán rotativos para que todo o alumnado poida disfrutar das instalacións tanto no interior coma no exterior. **O alumnado deberá usar máscara no tempo de recreo.**

1. **Educación Secundaria:** o recreo terá lugar no **Patio Exterior e Pabellón**. **O alumnado deberá usar máscara no tempo de recreo.**

1. **Bacharelato:** estará permitida a saída cara o exterior para pasar o momento de descanso. **O alumnado deberá usar máscara no tempo de recreo.**

Para minimizar a concentración do alumnado nos escaleiras e corredores, os grupos de recreo utilizarán o mesma circulación interna que nas entradas e saídas do centro, empregando as escaleiras de referencia asignadas.

### 2. Vixilancia

---

Haberá un profesor de vixilancia en cada un dos espazos asignados.

No caso de infantil, haberá profesores de apoio que axuden na vixilancia aos titores.

## MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DE EI E 1º E 2º DE EP

### 1. Metodoloxía, material e uso de aseos

---

Ao **entrar na aula** o alumnado deberá limparse as máns con **xel hidroalcohólico** que lle dispensará o profesorado e vixilará que o utilice ate a súa absorción total. Os dispensadores de xel deben estar fóra do seu alcance.

Os **obradoiros** serán adaptados a grupos máis reducidos.

Evitarase a colocación nas paredes de corredores e aulas de anuncios, collages, murais ou outro material que interfira de maneira significativa coa sinalética propia das adaptacións ao COVID e, en todo o caso, os taboleiros serán sempre manipulados polo profesorado coas debidas normas de hixiene.

#### MATERIAL

- O alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos compañeiros:
  - **EI:** O material estará en caixóns individuais para cada un dos alumnos co seu nome.
  - **EP:** O material estará diferenciado en estuches para cada un dos alumnos e os libros en casilleiros individuais.
- Cada alumno terá entre o seu material un portaxiz para traballar no encerado.
- Extremarase a orde nos percheiros.

#### ASEOS

O **uso dos aseos** dentro da aula estará limitado a uso individual. O **profesorado** que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as **proteccións individuais** axeitadas.

### 2. Tempo de recreo e merenda

---

O tempo de merenda realizarase de xeito individual e, de ser posible, no exterior para garantir o distanciamento social.

No tempo de recreo promoveranse os xogos en común e actividades de convivencia e interacción entre iguais.

## MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES

### 1. Utilización e hixiene de equipamentos e ferramentas

---

Ao inicio das actividades en talleres e laboratorios informarase ao alumnado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos. O aforo máximo será o que permita manter a distancia de seguridade. Estableceranse quendas de acceso para cumprir con este criterio.

O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible.

No caso das aulas informáticas priorizarase o uso individualizado de computadores.

## NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DE NEE

### 1. Medidas concretas alumnado NEE

---

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fora da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma, optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas ou viseiras, así como a protección colectiva.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, aseos, recreos e traslados polo centro. A intervención farase soamente naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais. Elaboraranse pictogramas recordando as normas básicas de hixiene e seguridade.



## PREVISIONS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

### 1. Reunións e espazos de traballo

---

#### REUNIÓN

Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

#### ESPAZOS DE TRABALLO

Se redistribuirán os espazos disponibles coa intención de garantir 1,5 metros de distancia entre os postos de traballo. Os titores traballarán preferentemente na súa propia aula (EI/EP) ou na súa titoría. Nos casos nos que compartan espazos pequenos nos que non se poida gardar a distancia mínima de seguridade, o uso limitaráse ao aforo máximo permitido.

### 2. Espazos de descanso

---

O persoal poderá acudir ás salas do profesorado, mantendo as distancias de seguridade e unicamente para realizar algunha actividade concreta. Recórdase a obrigabilidade de manter en todo momento a distancia de seguridade de 1,5 metros. Evitarase a presenza nestas salas durante o tempo de recreo.

O aforo máximo será:

- Sala EI/EP: 6 persoas.
- Sala ESO/Bac: 4 persoas.

Propónse o "Patio dos peixes" como espazo alternativo de descanso onde será necesario manter a distancia de seguridade. Poderase ocupar o corredor da Igrexa sempre que se cumpran as normas de protección.

## MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

### 1. Actividades formativas

---

Os primeiros días de clase deseñaranse e implementaránse actividades de educación para a saúde que incluírán as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa.

Estas actividades incluíranse de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

### 2. Difusión e comunicación das medidas de prevención

---

O equipo COVID asegurárase de que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.

Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores do centro educativo e ao resto da comunidade educativa.

Enviarase a información a todas as familias e habilitarase o correo [equipocovid@colegioesclavas.org](mailto:equipocovid@colegioesclavas.org) para a solución de dúbidas que poidan xurdir.

Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomenten o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

### 3. Formación para a implantación do ensino a distancia

---

Elaborarase un Plan de formación adaptado as novas necesidades con accións formativas programadas para o profesorado, o alumnado e as familias. A formación será coordinada polo Equipo TIC do centro.

## **DIFUSIÓN DO PLAN**

O plan de adaptación ao COVID será un documento público á disposición de toda a comunidade educativa e das autoridades sanitarias e educativas. Poderase consultar na páxina web do centro e na plataforma de comunicación coas familias. Informarase do mesmo ao Consello Escolar.